

OBXECTIVOS PLEA

1. Mellorar a competencia lectora de todo o alumnado e fomentar a lectura crítica.
2. Mellorar a produción de textos escritos en múltiples soportes.
3. Favorecer as alfabetizacións múltiples (a alfabetización visual, informacional e mediática) do alumnado e fomentar o uso crítico da información.
4. Implementar e reforzar nos centros educativos estratexias desde todas as áreas, materias e ámbitos do currículo que redunden na mellora da competencia lectora, escritora e informacional.
5. Sistematizar a práctica lectora diaria en todos os niveis das etapas de primaria e secundaria obrigatoria.
6. Consolidar as bibliotecas escolares como centros de recursos en diferentes soportes para a aprendizaxe e gozo da lectura, o desenvolvemento de habilidades na escrita e o acceso á información.
7. Acadar a implicación de toda a comunidade educativa para favorecer o hábito lector e o fomento da lectura así como o gusto pola escrita e o coidado da mesma.
8. Promover por parte dos centros educativos o uso das ferramentas de diagnose e avaliación da competencia lectora, escritora e informacional.